

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa **liquidación do orzamento da Deputación correspondente ao exercicio de 2022** (expediente nº 2023005203), emíttese o seguinte informe:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que ese aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2022.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. Regulación legal.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais, efectuarase, e canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería os ingresos e gastos pendentes.

A. *Contido:*

A liquidación do orzamento porá de manifesto:

a. Respecto do orzamento de gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.

b. Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.



2. Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

B. Ámbito temporal.

O peche e liquidación dos orzamentos da entidade local efectuaranse, en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

Elaboración, informe e aprobación

Unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación pola Presidenta/e da entidade.

Dación de conta e remisión

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

As entidades locais remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

A falta de remisión da liquidación no prazo sinalado facultará á Administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

Segunda. Contido liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra

A liquidación do orzamento da Deputación de Pontevedra incorpora a documentación correspondente:

- Liquidación do orzamento de Gastos, con determinación dos remanentes de crédito.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría.

Para a elaboración deste informe de liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra- exercicio 2022, tomouse como referencia os datos de execución orzamentaria derivados formalmente dos libros de contabilidade.



Terceira. Liquidación orzamento de gastos e ingresos.

GASTOS

No exercicio 2022 recoñecéronse obrigas de gasto con cargo ao orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de € (táboa 1).

Táboa 1. Execución orzamentaria 2022. Créditos definitivos, obrigas recoñecidas e pagos (resumo por capítulos).

Capítulo	Denominación	C.D.	O.R.	O.R./C.D.
1	Gastos de persoal	49.496.323,49	44.028.855,63	88,95%
2	Gastos correntes en bens e servizos	49.908.351,60	33.408.718,47	66,94%
3	Gastos financeiros	310.500,70	251.451,61	80,98%
4	Transferencias correntes	51.658.849,30	30.684.068,84	59,40%
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	0,00%
Total correntes		152.374.025,09	108.373.094,55	71,12%
6	Investimentos reais	83.507.792,77	19.621.544,59	23,50%
7	Transferencias capital	173.637.899,42	42.362.014,39	24,40%
Total capital		257.145.692,19	61.983.558,98	24,10%
Total gastos non financeiros		409.519.717,28	170.356.653,53	41,60%
8	Activos financeiros	738.422,86	167.915,31	22,74%
9	Pasivos financeiros	727.119,30	727.119,30	100,00%
Total gastos financeiros		1.465.542,16	895.034,61	61,07%
TOTAL		410.985.259,44	171.251.688,14	41,67%

Como amosa a táboa 2, o importe dos créditos definitivos (C.D.) incrementouse respecto aos dous últimos anos en cómputo global, con aumento de todos os capítulos de gasto corrente (excepto capítulos 3 e 5) e de gasto por operacións de capital.

Táboa 2. Créditos definitivos orzamentos 2020 - 2022.

Capítulo	Denominación	C.D. 2020	C.D. 2021	C.D. 2022
1	Gastos de persoal	48.215.660,94	48.111.335,00	49.496.323,49
2	Gastos correntes en bens e servizos	41.248.352,93	43.406.779,68	49.908.351,60
3	Gastos financeiros	373.770,27	401.001,00	310.500,70
4	Transferencias correntes	49.280.009,15	45.467.775,82	51.658.849,30
5	Gastos imprevistos	0	1.000.000,00	1.000.000,00
Total correntes		139.117.793,29	138.386.891,50	152.374.025,09
6	Investimentos reais	39.683.737,96	57.252.883,76	83.507.792,77
7	Transferencias capital	136.942.443,09	165.633.069,33	173.637.899,42
Total capital		176.626.181,05	222.885.953,09	257.145.692,19
Total gastos non financeiros		315.743.974,34	361.272.844,59	409.519.717,28
8	Activos financeiros	1.613.680,07	1.044.767,44	738.422,86
9	Pasivos financeiros	5.749.126,97	889.215,00	727.119,30
Total gastos financeiros		7.362.807,04	1.933.982,44	1.465.542,16
TOTAL		323.106.781,38	363.206.827,03	410.985.259,44



Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 3, a porcentaxe de execución sobre créditos definitivos é do 41,67%. Por capítulos, a porcentaxe de execución máis alta é a do capítulo 9 (100%) seguida do capítulo 1 (88,95 %) e do 3 (80,98%). Moi por debaixo lle seguen o capítulo 2 (66,94%) e o capítulo 4 (59,40 %). Nos restantes capítulos a execución sitúase por debaixo do 50%. As porcentaxes máis baixas localízanse no capítulos 8 (22,74%) e nos correspondenes a gastos de capital cunha execución nos capítulos 6 e 7 do 23,50 % e 24,40 %, respectivamente.

A porcentaxe de execución (obrigas recoñecidas/créditos definitivos) global e nos capítulos 6 e 7 é a máis baixa dos últimos anos (por debaixo da do ano anterior que xa fóra a máis baixa en termos comparativos cos exercicios anteriores), con especial referencia ao capítulo de investimentos propios, cuxa execución baixa en máis de cinco puntos porcentuais respecto ao ano anterior (táboa 4).

Neste sentido advírtese da situación recorrente de baixo nivel de execución tanto de investimentos propios como dos xestionados polos concellos, máis destacada neste suposto, en tanto que as obrigas recoñecidas respecto do gasto adjudicado no exercicio acadan unha porcentaxe de tan só o 28,77%. No capítulo 6 de investimentos propios a porcentaxe do compromiso de gasto (fase D) respecto a créditos definitivos é do 53,33 % (similar á do ano anterior)

Como en informes anteriores, lémbrese a necesidade de procurar un maior cumprimento do principio xeral de anualidade orzamentaria, recomendando a adopción de medidas de mellora na planificación e programación do gasto. A execución plurianual de gastos que se orzamentan nun único exercicio, dificulta a correcta programación e seguimento de execución orzamentaria e do cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Si ben neste exercicio continúan suspendidas as regras fiscais (estabilidade e regra do gasto) resulta aconsellable reducir os prazos de execución e xustificación en vindeiros exercicios (sen prexuízo das excepcións que veñan impostas polo prazo de execución real do gasto) para evitar problemas de seguimento e reducir a incerteza no seguimento.

Táboa 3. Porcentaxes de execución do orzamento de gastos 2022 (OR/CD).

Capítulo	Denominación	C.D.	O.R.	O.R./C.D.
1	Gastos de persoal	49.496.323,49	44.028.855,63	88,95%
2	Gastos correntes en bens e servizos	49.908.351,60	33.408.718,47	66,94%
3	Gastos financeiros	310.500,70	251.451,61	80,98%
4	Transferencias correntes	51.658.849,30	30.684.068,84	59,40%
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	0,00%
Total correntes		152.374.025,09	108.373.094,55	71,12%
6	Investimentos reais	83.507.792,77	19.621.544,59	23,50%
7	Transferencias capital	173.637.899,42	42.362.014,39	24,40%
Total capital		257.145.692,19	61.983.558,98	24,10%
Total gastos non financeiros		409.519.717,28	170.356.653,53	41,60%
8	Activos financeiros	738.422,86	167.915,31	22,74%
9	Pasivos financeiros	727.119,30	727.119,30	100,00%
Total gastos financeiros		1.465.542,16	895.034,61	61,07%
TOTAL		410.985.259,44	171.251.688,14	41,67%



Táboa 4. Porcentaxes de execución orzamentaria (OR/CD) período 2018 - 2022.

Capítulo	Denominación	2018	2019	2020	2021	2022
1	Gastos de persoal	91,20%	91,68%	90,08%	88,33%	88,95%
2	Gastos correntes en bens e servizos	62,86%	65,65%	57,62%	65,56%	66,94%
3	Gastos financeiros	87,15%	72,31%	43,22%	46,24%	80,98%
4	Transferencias correntes	58,26%	59,55%	60,92%	51,66%	59,40%
5	Gastos imprevistos					
Total correntes		71,00%	71,92%	70,00%	68,38%	71,12%
6	Investimentos reais	31,59%	43,74%	45,34%	29,02%	23,50%
7	Transferencias capital	27,24%	32,96%	28,95%	25,48%	24,40%
Total capital		28,46%	35,70%	32,63%	26,39%	24,10%
Total gastos non financeiros		46,34%	50,85%	49,10%	42,47%	41,60%
8	Activos financeiros	58,84%	45,52%	19,42%	41,87%	22,74%
9	Pasivos financeiros	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Total gastos financeiros		85,36%	79,97%	82,34%	68,60%	61,07%
TOTAL		47,57%	51,49%	49,85%	42,61%	41,67%

En termos interanuais, como se recolle na táboa 5, as obrigas recoñecidas (fase O) se incrementan respecto ao ano anterior, destacado o importante incremento en gasto corrente (14,52%) con especial referencia ao capítulo 4 de gastos (30,63%).

Táboa 5. Porcentaxes de variación interanual de obrigas recoñecidas (O) no período 2018 - 2022

Capítulo	Denominación	OR2019/ OR 2018	OR2020/ OR 2019	OR2021/ OR 2020	OR2022/ OR 2021
1	Gastos de persoal	2,32%	1,32%	-2,15%	3,60%
2	Gastos correntes en bens e servizos	2,24%	-7,09%	19,74%	17,39%
3	Gastos financeiros	-77,11%	34,06%	14,78%	35,62%
4	Transferencias correntes	17,81%	2,69%	-21,76%	30,63%
5	Gastos imprevistos				
Total correntes		6,01%	-0,43%	-2,83%	14,52%
6	Investimentos reais	32,46%	-14,45%	-7,65%	18,09%
7	Transferencias capital	32,44%	-14,73%	6,46%	0,38%
Total capital		32,45%	-14,64%	2,06%	5,38%
Total gastos non financeiros		15,42%	-6,23%	-1,01%	11,02%
8	Activos financeiros	-41,39%	-74,43%	39,60%	-61,61%
9	Pasivos financeiros	-28,07%	24,18%	-84,53%	-18,23%
Total gastos financeiros		-31,33%	3,54%	-78,12%	-32,53%
TOTAL		12,79%	-5,90%	-3,91%	10,65%



En canto a execución dos pagos respecto das obrigas recoñecidas (táboa 6), acádase unha porcentaxe do 99,74% (100% en todos os capítulos excepto 6 e 7).

Táboa 6. Execución pagos 2022 (Pagos/Obrigas recoñecidas)

Capítulo	Denominación	O.R.	Pagos	Pagos/O.R.
1	Gastos de persoal	44.028.855,63	44.028.855,63	100,00%
2	Gastos correntes en bens e servizos	33.408.718,47	33.408.718,47	100,00%
3	Gastos financeiros	251.451,61	251.451,61	100,00%
4	Transferencias correntes	30.684.068,84	30.684.068,84	100,00%
5	Gastos imprevistos	0,00		
Total correntes		108.373.094,55	108.373.094,55	100,00%
6	Investimentos reais	19.621.544,59	19.526.349,79	99,51%
7	Transferencias capital	42.362.014,39	42.013.948,34	99,18%
Total capital		61.983.558,98	61.540.298,13	99,28%
Total gastos non financeiros		170.356.653,53	169.913.392,68	99,74%
8	Activos financeiros	167.915,31	167.915,31	100,00%
9	Pasivos financeiros	727.119,30	727.119,30	100,00%
Total gastos financeiros		895.034,61	895.034,61	100,00%
TOTAL		171.251.688,14	170.808.427,29	99,74%



INGRESOS

Os dereitos recoñecidos netos con cargo ao orzamento da Deputación (táboa 7) supoñen un total de 201.471.359,24 €.

Táboa 7. Execución orzamentaria 2022. Previsións definitivas, dereitos recoñecidos netos e ingresos (resumo por capítulos).

Capítulo	Denominación	C.I	Modificacións	P.D	DR NETO	INGRESOS
1	Impostos directos	13.561.353,00	1.345.957,60	14.907.310,60	14.075.779,74	13.125.712,15
2	Impostos indirectos	14.478.973,00	1.017.080,83	15.496.053,83	13.008.544,80	11.775.914,38
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.799.393,00	4.759,51	11.804.152,51	13.857.305,33	13.515.987,13
4	Transferencias correntes	132.767.883,00	15.543.835,03	148.311.718,03	149.803.645,72	141.144.083,71
5	Ingresos patrimoniais	226.776,00	0,00	226.776,00	221.227,38	194.382,82
Total ingresos correntes		172.834.378,00	17.911.632,97	190.746.010,97	190.966.502,97	179.756.080,19
6	Alleamento investimentos reais	1.000.500,00	0,00	1.000.500,00	1.041.000,97	847.951,37
7	Transferencias de capital	1.061.593,00	15.256.359,05	16.317.952,05	8.744.061,42	8.652.698,94
Total ingresos capital		2.062.093,00	15.256.359,05	17.318.452,05	9.785.062,39	9.500.650,31
Total ingresos non financeiros		174.896.471,00	33.167.992,02	208.064.463,02	200.751.565,36	189.256.730,50
8	Activos financeiros	900.000,00	177.020.796,42	177.920.796,42	719.793,88	649.673,29
9	Pasivos financeiros	0,00	25.000.000,00	25.000.000,00	0,00	0,00
Total op. cap. financieras		900.000,00	202.020.796,42	202.920.796,42	719.793,88	649.673,29
Total		175.796.471,00	235.188.788,44	410.985.259,44	201.471.359,24	189.906.403,79

Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 8, as porcentaxes de execución por capítulo son elevadas, superándose as previsións nos capítulos 3 (taxas e outros ingresos), 4 (transferencias correntes) e 6 (alleamento de investimentos reais,) e con valores superiores ao 80% nos restantes capítulos, coa excepción do 7 (transferencias de capital) e dos capítulos 8 e 9 (activos e pasivos financeiros). Respecto dos pasivos financeiros, a execución cero xustifícase na falta de disposición do préstamo concertado por estar previsto un prazo de carencia para a disposición dos fondos.

A baixa porcentaxe do capítulo 8 ven dada pola composición deste capítulo que se corresponde nun 99,49% co remanente de tesouraría incorporado para financiamento de modificacións de crédito, de xeito que se axustamos á baixa este capítulo no importe do remanente de tesouraría incorporado, acadaríase unha porcentaxe de execución do 86,44 %, lixeiramente superior ao do ano anterior (84,15%).



Táboa 8. Porcentaxes de execución do orzamento de ingresos 2022 (DRN/PD).

Capítulo	Denominación	P.D	DR NETO	DR/PD	DR/PD (excluído cap. 8)
1	Impostos directos	14.907.310,60	14.075.779,74	94,42%	94,42%
2	Impostos indirectos	15.496.053,83	13.008.544,80	83,95%	83,95%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	11.804.152,51	13.857.305,33	117,39%	117,39%
4	Transferencias correntes	148.311.718,03	149.803.645,72	101,01%	101,01%
5	Ingresos patrimoniais	226.776,00	221.227,38	97,55%	97,55%
Total ingresos correntes		190.746.010,97	190.966.502,97	100,12%	100,12%
6	Alleamento investimentos reais	1.000.500,00	1.041.000,97	104,05%	104,05%
7	Transferencias de capital	16.317.952,05	8.744.061,42	53,59%	53,59%
Total ingresos capital		17.318.452,05	9.785.062,39	56,50%	56,50%
Total ingresos non financeiros		208.064.463,02	200.751.565,36	96,49%	96,49%
8	Activos financeiros	177.920.796,42	719.793,88	0,40%	0,40%
9	Pasivos financeiros	25.000.000,00	0,00	0,00%	0,00%
Total op. cap. financieras		202.920.796,42	719.793,88	0,35%	0,35%
Total		410.985.259,44	201.471.359,24	49,02%	86,44%

En termos comparativos, os ingresos globais manteñen unha liña ascendente incrementándose respecto a anos anteriores (táboa 9). Os principais incrementos interanuais por capítulo no último exercicio correspóndense co capítulo 4 (transferencias correntes), principal fonte de financiamento desta Deputación (74,35% do total de dereitos recoñecidos netos), capítulo 3 (taxas, prezos públicos e outros ingresos) e transferencias de capital (capítulo 7) e diminúen os dereitos correspondentes coa venta de parcelas do polígono, xunto ca diminución dos capítulos 1 e 2 de impostos directos e indirectos (diminución amplamente compensada co fondo complementario de financiamento, o que supón un incremento en termos netos da participación nos tributos do estado), e o capítulo 5 (ingresos patrimoniais).

Táboa 9. Porcentaxes de incremento interanual de dereitos recoñecidos (2018/2022).

Capítulo	Denominación capítulo	Variación 2019/2018	Variación 2020/2019	Variación 2021/2020	Variación 2022/2021
1	Impostos directos	14,97%	4,64%	-5,68%	-2,67%
2	Impostos indirectos	-3,48%	4,56%	-0,55%	-8,99%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2,42%	-1,04%	23,15%	2,51%
4	Transferencias correntes	2,03%	4,00%	3,33%	10,22%
5	Ingresos patrimoniais	-4,88%	-7,76%	-5,32%	-30,13%
Total ingresos correntes		2,58%	3,73%	3,52%	7,03%
6	Alleamento investimentos reais	-25,87%	200,69%	-30,68%	-56,26%
7	Transferencias de capital	-22,37%	-76,84%	70,68%	419,78%
Total ingresos capital		-23,02%	-26,65%	-4,47%	163,68%
Total ingresos non financeiros		1,51%	2,76%	3,34%	10,32%



8	Activos financeiros	-6,39%	-11,98%	-16,68%	-34,86%
9	Pasivos financeiros				
Total op. cap. financieras		-6,39%	-11,98%	-16,68%	-34,86%
Total		1,44%	2,64%	3,19%	10,06%

En canto á execución da recadación ou ingresos sobre dereitos recoñecidos (táboa 10), acádase unha porcentaxe media do 94,26%, superior ao 90% en todos os capítulos excepto o 5 (87,87%) e o 6 (81,46%).

Táboa 10. Porcentaxes de ingreso dos dereitos recoñecidos netos no exercicio 2022

Capítulo	Denominación	DR NETO	INGRESOS	DR/INGRESOS
1	Impostos directos	14.075.779,74	13.125.712,15	93,25%
2	Impostos indirectos	13.008.544,80	11.775.914,38	90,52%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.857.305,33	13.515.987,13	97,54%
4	Transferencias correntes	149.803.645,72	141.144.083,71	94,22%
5	Ingresos patrimoniais	221.227,38	194.382,82	87,87%
Total ingresos correntes		190.966.502,97	179.756.080,19	94,13%
6	Alleamento investimentos reais	1.041.000,97	847.951,37	81,46%
7	Transferencias de capital	8.744.061,42	8.652.698,94	98,96%
Total ingresos capital		9.785.062,39	9.500.650,31	97,09%
Total ingresos non financeiros		200.751.565,36	189.256.730,50	94,27%
8	Activos financeiros	719.793,88	649.673,29	90,26%
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	
Total op. cap. financieras		719.793,88	649.673,29	90,26%
Total		201.471.359,24	189.906.403,79	94,26%



Cuarta. Resultado orzamentario.

A liquidación amosa un resultado orzamentario axustado por importe de 95.527.448,72 euros (táboa 11).

O resultado orzamentario é altamente positivo con suficiencia dos ingresos liquidados por operacións correntes para facer fronte á totalidade das obrigas do exercicio.

Táboa 11. Resultado orzamentario 2022

CONCEPTOS	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Resultado orzamentario
A) Operaciones corrientes	190.966.502,97	108.373.094,55	82.593.408,42
B) Otras operaciones no financieras	9.785.062,39	61.983.558,98	-52.198.496,59
1. TOTAL operaciones no financieras	200.751.565,36	170.356.653,53	30.394.911,83
C) Activos financieros	719.793,88	167.915,31	551.878,57
D) Pasivos financieros	0,00	727.119,30	-727.119,30
2. Total operaciones financieras	719.793,88	895.034,61	-175.240,73
TOTAL	201.471.359,24	171.251.688,14	30.219.671,10

AJUSTES	
Gastos financiados con remanente de tesorería para gastos generales	68.616.530,88
Desviaciones de financiación negativas del ejercicio	5.242.513,67
Desviaciones de financiación positivas del ejercicio	8.551.266,93

RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO	95.527.448,72
--	----------------------

Quinta. Remanente de Tesourería

O remanente de tesourería correspondente coa liquidación do exercicio 2022 (táboa 12) ascende á contía de 155.499.199,22 €, cun exceso de financiamento (RTGFA) de 9.357.679,64 €, resultando un importe 197.438.629,86 € de remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX).

Para a determinación do remanente de tesourería as débedas pendentes de ingreso calculáronse con estritos criterios de prudencia. No que atinxe a determinación de dereitos de dubidoso cobro aplícase o criterio restritivo de considerar o 75% dos dereitos pendentes do ano anterior e o 100% dos restantes dereitos de exercicios pechados.



Táboa 12. Remanente de Tesourería 2022-2020

Compoñentes	Importes 2022	Importes 2021	Importes 2020
1. Fondos líquidos	215.029.792,57	190.686.199,25	171.196.067,89
2. Derechos pendientes de cobro	15.437.730,71	15.567.958,57	14.078.640,46
(+) Orzamento corrente	11.564.955,45	13.371.820,96	12.871.248,00
(+) Orzamentos pechados	714.250,99	726.329,37	831.690,57
(+) Operacións non orzamentarias	3.158.524,27	1.469.808,24	375.701,89
3. Obligacións pendientes de pago	23.328.733,07	28.565.690,91	25.803.552,21
(+) Orzamento corrente	743.679,96	189.251,66	1.064.432,60
(+) Orzamentos pechados	163.470,22	162.128,41	154.309,77
(+) Operacións non orzamentarias	22.421.582,89	28.214.310,84	24.584.809,84
4. Partidas pendientes de aplicación	330.330,99	24.402,43	783.623,70
(-) Cobros realizados pendentes aplic. definitiva	369.696,33	784.070,15	70.097,75
(+) Pagos realizados pendentes aplic. definitiva	700.027,32	808.472,58	853.721,45
I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3+4)	207.469.121,20	177.712.869,34	160.254.779,84
II. Saldo dubidoso cobro (*)	672.811,70	692.072,93	804.247,42
III. Exceso Financiamento afectada	9.357.679,64	4.124.220,31	3.951.333,20
IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais	197.438.629,86	172.896.576,10	155.499.199,22

O RTGX incrementábase respecto a anos anteriores, localízanse o principal do incremento no compoñente de fondos líquidos, con diminución das obrigas pendentes de pago, manténdose os dereitos pendentes de cobro nun importe similar a do pasado exercicio.

O saldo acumulado nas obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias mantense moi elevado. Este saldo correspóndese principalmente con ingresos pendentes de aplicacións de recursos xestionados polo ORAL. Si ben parte deste volume xustifícase na propia mecánica recadatoria, recomendándose que se leven a cabo traballos de depuración e/ou aplicación de saldos.



Sexta. Aforro neto e porcentaxe débeda

Da liquidación da Deputación pódese destacar á obtención doutros datos de interese económico como o aforro neto ou a porcentaxe de débeda. O aforro neto calculado segundo o disposto no artigo 53.1 do TRLRFL (táboa 13) ascende a 99.236.889,14 €.

Táboa 13: Aforro neto (artigo 53.1 TRLHL).

AFORRO NETO	
Ingresos liquidados cap. 1 - 5 orzamento ingresos	190.966.502,97
Obrigas recoñecidas cap. 1 , 2 e 4 orzamento gastos	108.121.642,94
Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2, 4), derivadas de M.C. financiadas con RLT	18.949.311,62
AFORRO BRUTO (1-2+3)	101.794.171,65
ATA	2.557.282,51
AFORRO NETO (4-5)	99.236.889,14

O coeficiente de débeda financeira viva sobre ingresos correntes (artigo 53.2 TRLRFL) sitúase nunha porcentaxe do 13,09%.

Sétima. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudio do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de informe independente, que complementa este informe.

CONCLUSIÓNS:

- O estado da liquidación do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2022 incorpora a documentación esixida pola normativa legal aplicable.
- O Orzamento 2022 líquidase con resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos.
- Unha vez aprobada a liquidación por Resolución presidencial, deberase dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Unha copia do expediente remitirase á Administración do Estado e Administración Autonómica.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente

